



CONVENIO DE COLABORACION ENTRE A CONSELLERIA DE ECONOMIA, EMPREGO E INDUSTRIA E A FUNDACIÓN CENTRO TECNOLÓXICO DO GRANITO DE GALICIA PARA A REALIZACIÓN DE PROXECTOS QUE FOMENTEN A COMPETITIVIDADE TÉCNICA E AMBIENTAL NO SECTOR DO GRANITO.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O Director Xeral de Enerxía de Minas da Consellería de Economía, Emprego e Industria,

DECLARA:

Que esta Consellería ten previsto formalizar coa Fundación Centro Tecnolóxico do Granito de Galicia, o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende 21 de xuño de 2016 ata o 31 de decembro de 2016.

Que o instrumento convencional ten por obxecto determinar o marco de colaboración entre a Consellería de Economía, Industria e Emprego e a Fundación Centro Tecnolóxico do Granito de Galicia para o desenvolvemento dun conxunto de proxectos orientado á mellora da competitividade do sector empresarial do granito.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamentan no seguinte:

O feito de que o convenio teña como beneficiario á FCTGG basease na importancia de que as accións incluídas no mesmo sexan desenvolvidas ao abeiro dun ente de carácter técnico e profesional que, segundo o artigo 4º dos seus estatutos, ten entre os seus fins os seguinte: o apoio ao sector graniteiro, preferente en Galicia, mediante o fomento da investigación científica e o desenvolvemento tecnolóxico de procesos e produtos e o seu control de calidade. Ademais, a FCTGG é socio técnico da Asociación Clúster del Granito de Galicia que é a entidade profesional do sector graniteiro galego.





Deste xeito, vélese ademais pola intención da Xunta de Galicia de fomentar as actuacións colectivas, xuntando os esforzos en torno aos problemas do sector, o que permite definir unha planificación estratéxica e unha mellora conxunta dirixida a potenciar a competitividade do sector do granito de Galicia e a diferenciación dos produtos galegos. O desenvolvemento do presente convenio trae causa nos estudos e traballos técnicos levados a cabo ata o momento pola FCTGG, coa dirección e a colaboración da ACG, polo que é este o ente axeitado para as actividades obxecto deste convenio.

Polo que, atendendo ao carácter singular que se deriva das excepcionais circunstancias nas que se realizan as actividades obxecto de convenio, concorren circunstancias que determinan a dificultade de promover a concorrència dada a finalidade e as características específicas das actuacións a realizar, aos efectos do establecido no artigo 19.4. c) e 26.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño de subvencións de Galicia.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela a 24 de maio de 2016.

